



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia da arte

Materia	Historia: Historia da arte			
Código	P01G010V01202			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Castro Fernández, José Antonio			
Profesorado	Castro Fernández, José Antonio			
Correo-e	xacastro@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	A Historia Xeral da Arte que veremos neste primeiro curso céntrase nos acontecementos dos últimos trinta anos, é decir, na arte última que se foi constuindo co nacemento da postmodernidade despois de 1980. O programa divídese en once capítulos, expostos de maneira diacrónica, entre 1980 e 2018, tendo en conta as transformacións sociopolíticas e culturais tanto como as que tocan a historia da arte, a crítica e a estética. A asignatura tenta explicala actualidade artística e os seus mecanismos teóricos para tomar conciencia dun debate que se foi construindo de maneira multidisciplinar e pluricultural.			

Competencias

Código

B1	Capacidade de xestión da información.		
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.		
C1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte		
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural		
C4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade		
C5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores		
C6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaaxe da arte		
C8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo		
C37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de producción artística		

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos períodos artísticos más importantes e a súa evolución.	B1 C2
Coñecemento dos conceptos básicos da Historia da arte.	C1 C8
Coñecemento da arte galego no seu contexto histórico	B1 C4 C8
Capacidade de comprender a obra de arte no seu contexto histórico cultural.	C4
Capacidade para comprender a obra de arte como manifestación cultural do seu tempo.	B15 C5 C37
Capacidade de recoñecer os antecedentes históricos de obras e movementos artísticos.	C6 C37
Capacidade de recoñecer os antecedentes históricos de obras e movementos artísticos.	C37

Habilidade para contextualizar historicamente a obra de arte.	C37
Habilidade para contextualizar historicamente a arte galega	B15 C37
Habilidade para recoñecer as diferentes escolas interpretativas da historiografía artística.	C1 C37

Contidos

Tema	
1.-A Historia da arte.	O concepto e os seus métodos de lectura.
2. O retorno á historia e o debate en torno ao fin da modernidade.	A mirada postmoderna como resposta estética. De que falamos cando falamos de Novo Espírito nos 80? Os anos 80 como pintura e os seus modelos.
3.-Tradicións e identidades na era dos xéneros diferenciados: escultura e novas tecnoloxías.	Modelos, obxectos e conceptos. O novo papel da escultura: o espazo como totalidade e as novas *utopias sociais.
4.-Os modelos estéticos despois da segunda metade da década do oitenta do século XX.	As transformacións da reciclaxe histórica: a modernidade como posibilidade de comprensión do final do século XX. Un segundo ciclo postmoderno: retorno ás narracións transcedentes (1986-2000). A nova orde estética mundial despois da Guerra Fría. Os novos contextos socio-políticos e estéticos: da caída da URSS á caída do Muro de Berlín e os novos conflitos. A nova orde mundial: Norte-Sur, eurocentrismo, periferia e globalización.
5. A estética do obxecto e as novas tecnoloxías mediáticas.	O chamado apropiacionismo. O modelo norteamericano e os seus protagonistas. Revisitando os 60: as opcións neo (minimalismo, pop e conceptual...). As novas tecnoloxías mediáticas e os novos soportes na época da desaparición de xéneros artísticos: fotografía, vídeo, cinema, electrónica, computador, internet, satélite... O mundo biónico.
6. Arte e totalidade: unha estética ideoloxizada.	As transformacións fundamentais no final do século XX: O artista e os novos compromisos. O mundo como problema. Activismo e política. As variacións no ámbito social e antropolóxico: o individuo como problema. O antropocentrismo e as súas dimensións sociais. A idea do corpo como metáfora ideal: a familia, o amor, o sexo, a morte e a ilusión da inmortalidade (De Eros e Thánatos ao corpo biónico), a sida, a homosexualidade, o racismo, a marxinación, a guerra, a droga, a comunicación/incomunicación...
7. Ás voltas co xénero. Un novo feminismo?	Penélope contra Ulises: a identidade e a diferenza no novo marco estético de poéticas sociopolíticas. A ruptura da visión eurocéntrica e a incorporación das periferias: multiculturalismo, mestizaxe e hibridismo. Biodiversidade e identidade no planeta global. As posicións teóricas e o auxe das bienais periféricas. Modelos: Latinoamérica, Asia e África.
8.-Novos comportamentos estéticos:	Eros e Thánatos / A Bela e a Besta: fronte á estética kantiana. Un novo modelo de beleza: Dave Hickey. Perversión e perturbación: a fascinación polo belo e espantoso de Dostoevski. Sexo, morte, transcendencia e inmortalidade, enfermidade e dexeneración Os artistas de Sensation e outros modelos.
9. De novo a pintura.	Os modelos. A persistencia da tradición. Máis aló do material. Os xéneros dilúense como pintura. Uns espazos de comportamento social: A fotografía como pintura. A pintura como espazo da totalidade: o campo amplio. As novas abstraccións. Realismos, hiperrealismos e neokitsch. Os apropiacionismos e a fotografía.
10. As novas posicións estéticas despois do 11 de setembro de 2001.	O proceso mundializador.
11. O mundo artístico entre 1945 e o nacemento da conciencia postmoderna.	Os anos 80 do século XX: Das Neovanguardias á ruptura do concepto de vanguarda.
12.- O século XX:	Do nacemento da Modernidade ao desenvolvemento das Vangardas históricas (1900-1945).
13.- A arte na Europa da primeira contemporaneidad.	O século XIX: Neoclasicismo e Romanticismo. Un artista revolucionario: Goya. Variacións artísticas na época das revolucións liberais e da revolución industrial: Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo. Simbolismo e Modernismo. O realismo máxico.
14. A arte da Europa Moderna:	O Barroco e o Renacemento. As súas posicións estéticas a través das artes visuais.
15.- A arte na Idade Media.	Do paleocristiano e Bizancio ás variantes prerrománicas occidentais. A arte árabe e os modelos da España musulmá. O románico e o gótic. O mudéjar.
16.-A orixe da arte:	A prehistoria entre Altamira e a rexión levantina. Os Petróglifos. A arte no antigo Oriente: Exipto. A antigüidade clásica: Grecia e Roma.

Planificación	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	40	70
Saídas de estudo	5	12	17
Seminario	4	28	32
Debate	6	0	6
Seminario	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Traballo	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descripción
Lección maxistral	Exposición de temas
Saídas de estudo	SAÍDAS DE ESTUDOS: Febreiro: Visita ó Museo de Pontevedra. Marzo: Visita ó CGAC de Santiago de Compostela. Abril: Visita ó MARCO de Vigo Maio: Visita MACUF de A Coruña Visitas a monumentos históricos da cidade. Visitas a exposicións temporais que garden relación cos contidos da materia (Pendente de confirmación. Anunciarase cando coñezamos a programación das distintas institucións)
Seminario	Traballos en grupo sobre os temas propostos
Debate	Debates sobre os temas expostos na clase o saídas de campo
Seminario	Revisión dos traballos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Saídas de estudo	SAÍDAS DE ESTUDOS: Febreiro: Visita ó Museo de Pontevedra. Marzo: Visita ó CGAC de Santiago de Compostela. Abril: Visita ó MARCO de Vigo Maio: Visita MACUF de A Coruña Visitas a monumentos históricos da cidade. Visitas a exposicións temporais que garden relación cos contidos da materia (Pendente de confirmación. Anunciarase cando coñezamos a programación das distintas institucións)
Debate	Debates sobre os temas expostos na clase o saídas de campo
Probas	
Traballo	Seminarios: Traballos en grupo sobre os temas propostos Titoría en grupo: Revisión dos traballos

Avaliación			
	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Sesión maxistral	50	B1 B15 C1 C2 C4 C5 C6 C8 C37
Traballo	Traballos e proxectos	50	B1 B15 C1 C2 C4 C5 C6 C8 C37

Outros comentarios sobre a Avaliación	
Valoraranse os seguintes requisitos: A participación en todas as actividades que se suxiran nas clases. A lectura comprensiva de textos. A capacidade para expresarse oralmente en público. A asistencia a clase. O manexo e consulta dos fondos bibliográficos e videográficos da biblioteca da Facultade. Pautas para a millora para a recuperación: Titorías nas que podremos ir vendo a evolución e aprendizaxe. Probas escritas e orais, nas que poremos en común os avances e estado actual do rendemento individual e en grupo.. Probas de auto-reflexión nas que cada grupo ou persoa poida reflexionar de forma sistemática sobre o que estamos traballando, os avances sobre o aprendido, e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.	
Probas de avaliación extraordinarias de xullo e fin de carreira: Exame escrito sobre os contidos do curso e entrega de 2	

traballos prácticos.

Probas de avaliación de convocatorias extraordinarias <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=31>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- BOZAL, V., **Modernos y postmodernos.**, Historia 16., 1993.
- BURKHARD, R. y GROSENICK, U., **Arte para el siglo XXI. Art Millennium. Edit. Taschen. Madrid, 1999**, Edit. Taschen., 1999
- CASTRO, X. A., **As mazáns de Yoko Ono. Ensaio de introducción a arte despois de 1980.**, Edit. Espiral M,
- AA.VV., **Timer. Intimità/ Intimacy. L'arte contemporánea dopo l'undice settembre. La Triennale de Milán**, Edit. Skira., 2007
- AA.VV., **Bienal de Venecia, Bienal de Lyon, Bienal de La Habana, Documenta de Kassel, Skulptur Pr,**
- AA.VV., **Cher Peintre, Lieber Maler, Dear Painter.**, 2002.
- AA.VV., **Sculpture. Projects in Mnster**., 1977, 1987, 1997, 20
- AA.VV., **The triumph of Painting.**, Saatchi Gallery., 2004, 2005
- AA.VV., **Documenta de Kassel**, 1997, 2002, 2007, 20
- AA.VV., **Bienal de Venecia**, 2009, 2011, 2013,201
- CONNOR, S., **Cultura posmoderna. Introducción a las teorías de la contemporaneidad.**, Ed Akal,
- DANTO, A., **Después del fin del arte. El arte contemporáneo y el límite de la historia.**, Edic. Paidós.,
- FOSTER, H., **El retorno de lo real.**, Edit. Akal., 2001.
- FREELAND, C., **Pero, ¿Es esto arte?**, Edit. Cátedra., 2003
- GOMPERTZ, Will, **¡Qué miras! 150 años de arte moderno**, Edit. Taurus., 2013
- GROSENICK, U y RIEM SCHNEIDER, B., **Art Now. Arte y artistas a principios del Nuevo milenio.**, Edit. Taschen., 1999
- GUASCH, A.M., **El arte último del siglo XX. Del Postminimalismo a lo multicultural.**, Ed., Alianza,
- GUASCH, A.M., **Los manifiestos del arte postmoderno. Textos de exposiciones, 1980-1995.**, Edt. AKAL.,
- HONNEF, K., **Arte contemporáneo.**, Ed. Taschen., 1991
- HUYSEN, A., **Modernidad y posmodernidad.**, Alianza Ed., 1988.
- INDERMANN, A., **Coleccionar arte contemporáneo.**, Edit. Taschen., 2006
- MARCHÁN FIZ, S., **Del arte objetual al arte del concepto.**, Edt. AKAL.,
- RAMÍREZ, J.A. y CARRILLO, J. (Edits.), **Tendencias del arte, arte de tendencias a principios**, Edit. Cátedra,
- RAMONET, I., **Un mundo sin rumbo. Crisis fin de siglo.**, Edit. Debate., 1997
- RUSH, M., **Nuevas expresiones artísticas a finales del siglo XX.**, Edit. Destino., 2002
- THOMPSON, Don, **El tiburón de los 12 millones de dólares. La curiosa economía del arte contemporáneo y las casas de subastas.**, Ariel., 2010
- VV.AA., **La postmodernidad**, Edic. Kairós., 1985.
- VV.AA., **Modernidad y postmodernidad.**, Alianza Edit., 1988.
- VV.AA., **Historia Universal del arte. El siglo XX y Tendencias del arte actual. Volúmenes IX y XI**, Edt. Planeta,
- VV.AA., **Creación artística y mujeres. Recuperar la memoria**, Narcea. S.A. de Ediciones., 2000
- Bibliografía Complementaria**
- REIM SCHNEIDER, B. y GROSENICK, **El arte de hoy.**,
- TAYLOR, B., **Arte hoy**,
- VATTIMO y otros., **En torno a la postmodernidad**,
- VV. AA., **Historia del arte. Últimas tendencias.**,
- ALCAZAR, Josefina, **Performance: un arte del yo**, Siglo XXI Editores,
- FINLAY, Michael, **El valor del arte. Dinero, poder, belleza**, Polígrafa,
- GRAW, Isabelle, **¿Cuánto vale el arte?**, Mardulce,
- GUASCH, Anna María, **El arte en la era de lo global: de lo geográfico a lo cosmopolita, 1989-2015**, Alianza Editorial,
- JARQUE, F., **¿Cómo piensan los artistas?**, Fondo de Cultura Económica,
- PAPARONI, D., **Contemporary Chaos**, Vestfossen Kunstlaboratorium Foundation,
- DE BARANANO, KOSME, **Criterios sobre la Historia del Arte**, Kailas Editorial,

Recomendacions

Materias que continúan o temario

Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Materias que se recomienda cursar simultáneamente

Expresión artística: Materia-Cor/P01G010V01201

Técnicas escultóricas/P01G010V01203

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101

Expresión artística: Debuto-Forma/P01G010V01102

Técnicas pictóricas/P01G010V01104

Plan de Continxencias

Descripción

Dado que Historia da arte/Arte actual é unha asignatura teórico-práctica, as medidas que propoñemos ante un eventual e novo **Estado de alarma** serían as seguintes, tendo en conta as metodoloxías precedentes:

- 1.-Desenvolvemento TEÓRICO dos contidos que atañen ó programa e levamos a cabo en 2 grupos de 2 horas semanáis:
Cada un dos capítulos será exposto usando as aplicacións da Universidade de Vigo, que de cotío xa utilizábamos:
a.-Campus remoto: <https://campusremotovigo.gal/>
b.-Faitic (<https://faitic.uvigo.es/index.php/es/>).
Unha vez concluído cada un dos temas, éstes estarán a disposición dos alumnos con texto e imaxes na segunda plataforma
Non se modificarán os contidos
As titorías serán atendidas a través do correo electrónico do profesor Antón Castro (xacastro@uvigo.es)
A bibliografía adicional entregarase ó alumno ó final de cada tema na mesma plataforma (Faitic)

- 2.-Desenvolvemento da PARTE PRÁCTICA, que materializamos no tempo dos SEMINARIOS, de 1, 30 horas, en 4 grupos
semanáis:
a.-Exposición teórico-práctica das metodoloxías que rexirán a confección dos 2 proxectos obligatorios do cuatrimestre:
Faitic.
b.-Proposta e selección individualizada dos proxectos ou traballos que debe elexir cada alumno: Faitic e correo electrónico
do profesor.
c.-Seguimento dos proxectos, de maneira individualizada, con cada alumno: correo electrónico do profesor.
d.-Proposta de visitas a mostras e coleccións de museos e galerías de arte, obligatorias, no territorio da Comunidade
Autónoma (2/4 no cuatrimestre) con entrega do resumo das mesmas dirixidas ó correo persoal do profesor. Control a través
de Faitic e do correo persoal do profesor.
e.-Actualidade internacional, a través das mostras más suliñables dos territorios galego, español e internacional feita
segundo a devandita plataforma Faitic.

3.-ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN.-

Tal como xa fixéramos no precedente **Estado de alarma** a nota ou resultado final da avalización virá dada en virtude dunha proba cuatrimestral e do traballo desenvolvido, a través dos 2 proxectos propostos e seleccionados por cada alumno.
Velaí a proposta e valoración de ámbolos dous elementos de xuicio avaliativo:

- a.-Proba final cuatrimestral dos contidos: Proposta polo profesor con texto e imaxes utilizando a aplicación Faitic, que cada alumno deberá remitir ó correo electrónico do profesor, seguindo as instrucción deste. A proba deberá realizarse en 2.30
horas, desde a entrega da mesma, na data e hora indicada no seu momento. A valoración será do 40%.
- b.-Avaliacion dos 2 proxectos cuatrimestrás e dos resumos das visitas: 60%.

A data do da proba extraordinaria de xullo será confirmada no seu momento
